

Venres, 24 de novembro de 2023
Núm. 227



**ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
VIGO**

Presupostos e cadros de persoal

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2024

EDICTO

O Pleno desta Corporación Municipal, en sesión extraordinaria do día 23 de novembro do 2023, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que deberá rexer durante o exercicio económico de 2024 e no cal se integran os seguintes entes:

- Orzamento do Concello de Vigo.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal Urbanismo.
- Anexos dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estará a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, dirección <https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/exposicion.jsp?id=0>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención - Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a devandita aprobación inicial, poderán os interesados interpor reclamacións ante o Excmo. Concello Pleno, durante o transcurso da referida exposición, de acordo cos supostos taxados no artigo 170 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD 2/2004. No suposto de non presentarse reclamacións durante dito prazo, considerarase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que rexerán para o ano 2024.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica.

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Delegación da área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023.

Expte: 2204-232
Retirar: 20-12-2023

DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Vigo, 20-12-2023

El Secretario General

P.A.

El Jefe del Registro General.

Jose Manuel Gonzalez Ucha

